

II CONGRESO NACIONAL DE RELEVO XERACIONAL

O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA CONSIDERA QUE O RELEVO XERACIONAL É UN DESAFÍO QUE URXE ABORDAR PORQUE ESTÁ EN XOGO O FUTURO DO EMPREGO E A SUSTENTABILIDADE SOCIAL E ECONÓMICA DE GALICIA

Redacción.- UPTA organizou os días 14 e 15 de abril o II Congreso nacional de relevo xeracional en Vilagarcía contando coa participación de técnicos, representantes institucionais e varios membros de UGT.

Entre eles, no acto de apertura tomou a palabra o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, quen advertiu da necesidade de acometer xa unha estratexia e buscar solucións a un dos grandes problemas do mercado laboral, o relevo xeracional. Engadiu que se trata dun desafío que non só pon en perigo o futuro do emprego en Galicia, senón a propia sustentabilidade social e económica desta Comunidade.

No réxime xeral, aclarou, que en Galicia das 975.300 persoas que están asalariadas, tan só o 4,3% son menores de 25 anos. Se se bota a mirada cara atrás 20 anos, esta porcentaxe subía ata o 11%. Preciso que a brecha xeracional dáse en todos os sectores, polo que resulta evidente que a substitución xeracional non está garantida. Na próxima década, se non se actúa, por cada catro persoas que se xubilen en Galicia só se incorporará unha ao mercado laboral, podendo achegarse a brecha ás 200.000. E, ademais, Galicia está entre as comunidades con peor substitución, entre as rexións onde a proporción entre xubilacións e novas incorporacións é máis desfavorable.

Un problema de país grave que debilita o mercado laboral e a competitividade. Tamén ponse en entredido o estado do benestar, menos cotizantes significa máis presión para o sistema de pensións, sanidade e servizos públicos en xeral.

Para Medeiros, este é un problema, o do relevo xeracional, tanto no réxime xeral como no de autónomos, estrutural froito de décadas de políticas insuficientes sobre emprego, formación, benestar e desenvolvemento e cohesión territorial.

Dende UGT consideramos que a substitución xeracional non é só un desafío demográfico, senón un dereito ao emprego digno, un compromiso coa igualdade de oportunidades e unha cuestión de xustiza social.

Preciso Medeiros, “nós propoñemos políticas activas de emprego ligadas ás necesidades reais do mercado de traballo, estabilidade laboral real dende o primeiro contrato, plans de substitución en sectores tradicionais e atención ao reto demográfico non seu conxunto”.

E, neste contexto, a migración, tanto o retorno de galegos e galegas como a chegada de novos residentes, pode converterse nun instrumento corrector e máis necesario que nunca.

Durante a súa intervención, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, defendeu a necesidade de avanzar cara un novo contrato social para o traballo autónomo, baseado na remuda xeracional, a xustiza fiscal e unha mellora efectiva da protección social. Neste sentido, advertiu que “a remuda xeracional xa non é un problema individual, senón un desafío estrutural que afecta ao conxunto do país”.

Desde UGT remarcouse a importancia do traballo autónomo como elemento clave de cohesión territorial, alertando de que a desaparición de pequenos negocios implica perda de actividade económica, servizos e oportunidades, especialmente en zonas rurais e barrios vulnerables.



Así mesmo, Luján defendeu unha fiscalidade máis xusta e adaptada á realidade do colectivo, tomando como referencia a normativa europea e situando o Salario Mínimo Interprofesional como limiar de dignidade tamén para o traballo autónomo.

En materia de protección social, reclamou culminar o acordo de 2022 para implantar plenamente a cotización por ingresos reais no RETA, lembrando que “os acordos do diálogo social deben cumprirse” e que “máis cotización é máis protección”.

O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT tamén reclamou de forma expresa “a apertura e o impulso da negociación de medidas de protección do colectivo, dirixidas a reforzar a cobertura en situacións de vulnerabilidade e a garantir a continuidade das actividades económicas, incluíndo a mellora do acceso ao cesamento de actividade ou instrumentos como a xubilación parcial vinculada á remuda xeracional”. Así mesmo, valorou a recente aprobación do Real Decreto de estranxeiría como un paso relevante para favorecer a regularización e a integración laboral, contribuíndo a ordenar o mercado de traballo e a reforzar o sistema produtivo. Luján clausurou o Congreso de UPTA nun acto no que tamén participaron o presidente de UPTA, Eduardo Abad, a conselleira de Economía e Industria da Xunta, María Jesús Lorenzana, o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz.



VIGO MOBILÍZASE PARA DEMANDAR SOLUCIÓNS AO PROBLEMA DA VIVENDA

Redacción.- UGT-Vigo, en colaboración con CCOO, organizou este mércores unha manifestación que percorreu as rúas da cidade olívica en demanda de solucións xa ao problema da vivenda.

Esta mobilización tamén contou co apoio de Amnistía Internacional, Sumar, IU, Podemos, Federación Vecinal Eduardo Chao (FAVEC), Sindicato de Inquilinas, Os Ninguéns, Foro Cívico de Vigo, Recortes Cero, Mundo sen guerras e sen violencia e o Sindicato de Estudiantes.

Na cabeceira da manifestación estaban os secretarios xerais de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, e de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, que denunciaron que a vivenda é un dos principais problemas estruturais e socioeconómicos do país. A súa escaseza e a suba dos prezos obrigan a destinar gran parte do salario ao pagamento de alugueiros e hipotecas a prezos desmedidos. Situación que se agudiza no caso dos máis mozos e do colectivos máis vulnerables.

Segundo o INE, no 2025 o acceso á vivenda encareceuse un 12,9% en Galicia, o maior incremento desde antes da crise inmobiliaria de 2008. A isto súmase a escaseza de vivenda pública e o paso de alugueiro tradicional ao turístico. Ademais dos afuzamentos a familias que non poden afrontar as subas abusivas e, ante todo isto, a Xunta non pon enriba da mesa medidas que poñan freo á situación.

Fontanes denunciou que en Vigo contabilízanse 2.175 vivendas de uso turístico, case a terceira parte das existentes en Galicia, e hai rexistradas 21.000 vivendas baleiras, cun prezo medio de aluguer de 700 euros, un auténtico desafío para moitas familias.



A gravidade do problema e a insuficiencia de medidas por parte das administracións, obriga á mobilización e á demanda. Urxe a limitación do prezo do alugueiro en zonas tensionadas; a creación dun amplo parque de vivenda pública, mobilización e rehabilitación de vivenda privada para poñelas en alugueiro a prezos accesibles, a desincentivación fiscal do uso da vivenda como negocio, máis inspección sobre o mercado do alugueiro residencial e un mercado hipotecario máis accesible para os traballadores e traballadoras.

UGT DENUNCIA A FALTA DE NEGOCIACIÓN NA REFORMA DOS PAC E ARRINCA MELLORAS PARA O PERSOAL

O sindicato rexeita a imposición do novo modelo pola Xunta, pero logra avances en voluntariedade, retribución e reforzo de persoal

Redacción.- UGT Servizos Públicos manifestou na Mesa Sectorial de Sanidade o seu absoluto rexeitamento ao anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urgencias Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

UGT Servizos Públicos denuncia que a Administración deixou claro na Mesa Sectorial a súa intención de seguir adiante coa modificación do decreto, impondo o seu criterio e desoíndo as alegacións presentadas polas organizacións sindicais. Esta actitude evidencia a ausencia dunha negociación real e baleira de contido o diálogo social.

A reforma consiste na modificación do horario de apertura e funcionamento dos Puntos de Atención Continuada (PAC), establecendo atención de luns a venres desde as 15:00 ata as 08:00 horas do día seguinte, e funcionamento ininterrompido as 24 horas en sábados, domingos e festivos. Na práctica, este cambio traslada ao persoal dos

PAC a atención das mañás dos sábados —ata agora asumida polos centros de saúde—, incrementando significativamente a súa carga asistencial e alterando a organización do servizo.

Ante esta situación, e asumindo que a reforma se levará a cabo, UGT centrou a súa actuación na negociación de condicións que permitan mellorar un contexto xa tensionado pola falta de persoal médico, déficits puntuais de enfermaría e un aumento xeneralizado da carga asistencial que afecta a todo o persoal, incluído o de servizos xerais. Todo isto baixo unha premisa irrenunciable: a voluntariedade fronte á imposición.

Neste marco, UGT Servizos Públicos asinou a acta de condicións de mellora xunto con outras organizacións sindicais da Mesa Sectorial, apostando por avanzar en dereitos laborais fronte a posicións como a da CIG, que opta por non subscribir os acordos, xerando tensión entre o persoal, pero sen renunciar posteriormente ás melloras acadadas mediante a negociación.

A negociación permitiu incorporar melloras relevantes para o persoal dos PAC. Entre elas, o reforzo progresivo dos cadros de persoal mediante a creación de 211 novas prazas estruturais ata 2028 (100 de persoal médico, 80 de enfermaría e 31 de xestión e servizos), orientadas a dar cobertura real á actividade asistencial.

Así mesmo, consolídase a voluntariedade como eixo do sistema, garantindo que a participación na actividade dos sábados non sexa imposta, e incorporando maior capacidade de xestión da xornada por parte do propio persoal dos PAC.

No ámbito retributivo, mellórase a compensación da xornada complementaria do persoal médico —con valores de 34,56 euros/hora en 2026 e 37,57 euros/hora en 2027—, xunto cun incremento do 22,62% para o persoal de enfermaría, a incorporación da retribución por quenda rotatoria complexa para o persoal de xestión e servizos, e unha redución progresiva dos tramos de xornada complementaria

para todos os colectivos.

Ademais, establécese un programa específico para a cobertura dos sábados, con incentivos económicos que fixan compensacións de 168 euros para persoal médico —equiparando o prezo hora ao de prolongación de xornada en unidades e servizos, tal e como viñan reclamando os profesionais dos PAC—, 135 euros para enfermaría e 96 euros para persoal de xestión e servizos por xornadas de 24 horas, recoñecendo a especial penosidade desta actividade.

UGT Servizos Públicos esixiu, ademais, a creación dunha comisión de seguimento do acordo que permita ás organizacións sindicais asinantes realizar un control efectivo da súa aplicación, garantindo o cumprimento dos dereitos das persoas traballadoras e achegando solucións aos posibles problemas de execución que poidan xurdir, situando en todo momento ás persoas traballadoras no centro.

O sindicato rexeita a imposición deste modelo e advirte de que non aceptará unha reforma que deteriore

as condicións laborais nin a calidade asistencial. O sindicato insiste en que o decreto ía saír adiante en calquera caso, pero subliña que a diferenza está na súa aplicación.

Neste sentido, UGT defende un modelo baseado na voluntariedade, na retribución axeitada, na equidade e nas garantías para o persoal, e lembra que non é posible soste a asistencia sanitaria a costa de sobrecargar ao persoal. Garantir unha atención de calidade tamén esixe coidar a quen a fai posible.

É URXENTE ACTUALIZAR A LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ANTE OS RETOS DO SÉCULO XXI

Os accidentes e as enfermidades laborais pódense evitar

Redacción.- Neste ano declarado en España da Seguridade e Saúde no traballo, a conmemoración do 28 de abril debe destacarse especialmente polo seu significado, sendo un día de recordo e denuncia.

Desde UGT queremos lembrar ás persoas traballadoras vítimas de accidentes e enfermidades laborais por traballar en condicións que non garantían nin a súa saúde nin a súa seguridade e esiximos ás empresas o cumprimento da normativa.

A Lei de Prevención de Riscos Laborais aprobouse hai máis de 30 anos e non conseguiu eliminar, nin sequera reducir significativamente, os accidentes de traballo. As 735 persoas traballadoras que perderon a vida no traballo en 2025, son a consecuencia máis grave e evidente da falta de medidas preventivas.

As enfermidades producidas polo traballo son tamén outro dos desafíos máis importantes para a saúde posto que permanecen invisibilizadas e non recoñecidas na maioría dos casos.

As avaliacións de riscos nas empresas, aínda que son obrigatorias por Lei, moitas veces nin existen e cando se realizan, a miúdo son deficientes e non identifican todos os riscos asociados, tampouco cos procesos crónicos. As enfermidades profesionais son así tratadas como enfermidades comúns, evitando o seu correcto rexistro e impedindo que se poidan acometer as medidas preventivas necesarias. A esta situación súmaselle a perda de prestacións para as persoas afectadas e a sobrecarga na xa de si mermada Sanidade Pública.

O cancro é unha das enfermidades de orixe laboral especialmente infradeclarada, segundo o Ministerio de Sanidade, estímase que falecen anualmente 8.700 ho-

mes e 850 mulleres por cancros debidos a exposicións laborais, pero no noso país en 2025 só se comunicaron 119 partes de enfermidade profesional por exposición a axentes canceríxenos. O recoñecemento do cancro de orixe laboral en España non chega ao 1%, en cambio, en países como Alemaña, esta cifra ascende ao 32%.

Os problemas relacionados coa saúde mental crecen. Moitos deles orixinados ou agravados por factores relacionados coa organización do traballo provocando tensión, ansiedade e depresión, sen que as empresas interveñan nin sequera en moitos casos realizando a obrigatoria avaliación de riscos psicosociais. As desordes mentais non forman parte do cadro de enfermidades profesionais vivente no noso país, por iso estas enfermidades non se notifican como tales. Esta listaxe debe ser actualizada e non só para incluír estas enfermidades, tamén deben incluírse patoloxías como o cancro de ovario por exposición ao amianto ou o cancro de mama por exposición a traballos nocturnos, axentes químicos ou radiacións ionizantes que afectan as mulleres. Non poden aparecer excluídas durante máis tempo o cancro de pel por exposición a radicación soar, o cancro de pulmón por fumes diésel ou as enfermidades reumáticas autoinmunes sistémicas por sílice cristalina, son enfermidades letais e seguen ausentes desta listaxe.

Ademais, lembramos que por fin se iniciou a tramitación parlamentaria da actualización da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Os avances na dixitalización, as consecuencias do cambio climático, o aumento da presenza das mulleres no mundo do traballo e en ocupacións anteriormente reservadas en exclusiva aos homes e o envellecemento da poboación traballadora,



modifican as condicións de traballo, as relacións laborais e os riscos aos que nos enfrontamos na actualidade.

Desde UGT reclamamos aos grupos parlamentarios que tomen conciencia da súa responsabilidade ante esta situación de alarma e aproben a nova Lei para protexer as persoas traballadoras nos seus centros de traballo. Ademais esiximos que se cumpran os compromisos adoptados co Goberno para o desenvolvemento dunha norma diferenciada referida a riscos psicosociais, a modificación do actual RD de coordinación de actividades empresariais e da Orde TIN que regula a acreditación dos Servizos de Prevención.

É urxente actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais aos retos do século XXI. Vai a vida niso. Os accidentes e as enfermidades laborais pódense evitar.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE CONMEMORA O 95 ANIVERSARIO DA II REPÚBLICA

Redacción.- O pasado luns, a Fundación Luis Tilve, en colaboración con UGT e a Agrupación Socialista de Pontevedra, realizaron dous actos con motivo da conmemoración do 95 aniversario da II República, consistentes nunha ofrenda floral e unha Mesa de debate.

A ofrenda tivo lugar no cemiterio de San Amaro de Pontevedra, na tumba de Abraham Zbarsky Geller y Jacobo Zbarsky Kuper, pai e fillo, médicos odontólogos, socialistas, asasinados polos golpistas franquistas, a quen se lle rendeu homenaxe este ano. Un exemplo das consecuencias que esta barbarie supuxo para moitas familias, como a dos Zbarsky, represaliada, con varios dos seus membros presos, e a obriga de ter que exiliarse de España. Unha dor que expresou a bisneta de Abraham, Tatiana Zbarsky, que chegou dende Inglaterra para non perderse un acto que agradeceu emocionada en nome dos familiares aínda supervivintes, como o seu pai de 95 anos. O delito de Jacobo foi acudir ó chamamento do Gobernador Civil para protexer a lexitimidade do goberno republicano, xunto a outros mozos das xuventudes socialistas que se reuniron no edificio da mencionada administración, ata que a realidade e a imposición da autoridade militar os fixo depoñer a súa actitude de resistencia ó Golpe. O de Abraham, protestar energeticamente polo asasinato do seu fillo, tras un consello de guerra exprés, sen garantías, que o condenou a morte, denunciando o feito ós organismos internacionais, ata que o calaron, du-

rante un traslado (estivera preso na Illa de San Simón), aplicándolle a eufemística lei de fugas, e pese a que fora declarado inocente na causa militar pola que se lle xulgou.

A Mesa posterior, no paraninfo do IES Valle Inclán, versou sobre a participación política dos médicos na II República e as súas consecuencias que dita práctica lles supuxo, coa posterior represión de moitos deles; conferencia da que se encargou o doutor en medicina e investigador, David Simón Lorda, que resaltou o que significou a perda de varias xeracións das persoas máis preparadas, progresistas e formadas que tiña o país naquel momento. A súa intervención estivo acompañada pola de Tatiana Zbarsky, que narrou o periplo e exilio da súa familia, cheo de traxedia, que rematou cun longo aplauso de recoñecemento á súa familia por parte público asistente. Roxelio Pérez, secretario da Fundación, abriu o acto cunha introdución á importancia que tivo a II República, como un momento de avances sociais e apostas pola modernización do país en tódolos ámbitos, educativo, sanitario, laboral,



igualitario, e incluso no da vivenda, tan de actualidade; e a deputada do PSdeG-PSOE, Paloma Castro, responsable da área de Memoria Democrática, pechou o evento incidindo na importancia das políticas de Memoria que está levando a cabo o Goberno, fronte ós bulos e a desinformación que fomentan o desapego da cidadanía coa democracia.

Como dixo o director da Fundación, Guillermo Pérez, na ofrenda floral, “a nosa obriga como demócratas é protexer o legado dos nosos precursores, renderlles homenaxe e combater o silencio e o esquecemento imposto polas ditaduras e os autoritarios cunha das mellores armas que ten a democracia, a Memoria”.

PEPE ÁLVAREZ CHAMA A REFORZAR O SINDICALISMO FRONTE AO AVANCE DA EXTREMA DEREITA

O secretario xeral de UGT reivindica salarios dignos e protección social na Asemblea Sindical Internacional, celebrada no marco da Global Progressive Mobilisation

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou na sesión de apertura da Asemblea Sindical Internacional sobre Xustiza social e valores: a resposta sindical á extrema dereita. Celebrouse no marco da Global Progressive Mobilisation, un encontro internacional que reuniu en Barcelona a organizacións progresistas de todo o mundo.

Ao longo da súa intervención, Álvarez alertou de que “o que está en xogo son os dereitos básicos das

persoas traballadoras, a vivenda, a sanidade e os dereitos sociais, moitos deles recentemente conquistados”, situando o actual contexto internacional como un momento



clave para o futuro das conquistas sociais.

Neste sentido, o secretario xeral de UGT advertiu do papel da extrema dereita, que “para conseguir os seus obxectivos ten que acabar co movemento sindical e coas organizacións sindicais. Este é un denominador común que ocorre en multitude de países”, sinalou.

Fronte a este escenario, Álvarez defendeu a necesidade de reforzar a acción sindical a escala global, reivindicando “salarios dignos, negociación colectiva forte e protección social”. Para o secretario xeral de UGT, “o sindicalismo ten que ser máis internacional que nunca, e ten que traballar desde a perspectiva da

loita internacional pola paz, o progreso social, e a repartición da riqueza”.

A Intelixencia artificial: un dos grandes retos na loita polos dereitos das persoas traballadoras

Así mesmo, abordou os retos derivados da transformación tecnolóxica, defendendo que “a IA sexa vista e posta en marcha desde a perspectiva dos dereitos dos cidadáns e as cidadás”.

Nese sentido, explicou que un dos grandes retos pendentes é lograr que a Intelixencia artificial “esteá ao servizo das persoas traballa-

doras”, e mostrouse crítico “cos algoritmos que viñeron xustamente para intentar que a máquina sexa capaz, non só de substituílas, senón de explotalas e sacarllas o que poida”.

Durante a súa intervención, tamén destacou o papel do movemento feminista, os avances en dereitos LGTBI e o debate sobre migración como exemplos craves na defensa dos dereitos humanos e a igualdade. “Estamos aquí e imos loitar”, reivindicou. Finalmente, concluíu cunha mensaxe de unidade e proxección cara ao que está por vir, asegurando que “esta é unha xornada que pasará á historia. Coa capacidade de unidade que temos, imos ser capaces de afrontar o futuro.”

UGT CONSIDERA IMPRESCINDIBLE O DIÁLOGO SOCIAL ANTE A POSIBLE RECOMENDACIÓN EUROPEA DE IMPLANTAR UN DÍA DE TELETRABALLO OBRIGATORIO

O sindicato ve positiva esta medida para mellorar a conciliación e a sustentabilidade, sempre que se realice coas debidas garantías e asegure a protección e voluntariedade das persoas traballadoras

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) sinala que a información sobre unha posible recomendación da Comisión Europea para implantar, polo menos, un día de teletraballo obrigatorio á semana, foi coñecida exclusivamente a través dos medios de comunicación, sen que ata o momento conste a súa recepción formal polas canles institucionais habituais.

Neste sentido, a organización descoñece se a proposta foi trasladada oficialmente aos distintos gobernos da Unión Europea e, en particular, ao Goberno de España.

Segundo as informacións publicadas, esta medida enmarcaríase nun conxunto máis amplo de actuacións que a Comisión Europea estaría a valorar para paliar os efectos da actual crise enerxética e económica, vinculada ao conflito internacional derivado do ataque de Israel e Estados Unidos a Irán, así como ás súas consecuencias sobre o estreito de Ormuz, en clave estratéxica para a subministración enerxética global.

UGT considera que, no caso de que esta recomendación se concrete nunha iniciativa normativa, resulta imprescindible que calquera medida desta natureza sexa abordada previamente no marco do diálogo social. A

participación das organizacións sindicais e empresariais é unha condición necesaria para garantir a súa adecuación á realidade produtiva e, especialmente, para asegurar a protección dos dereitos das persoas traballadoras.

A organización manifesta, no entanto, unha predisposición favorable a analizar esta posible medida, sempre que a súa implantación redunde nun beneficio efectivo para as persoas traballadoras. Neste sentido, o teletraballo pode constituir unha ferramenta útil para mellorar a conciliación, reducir os custos asociados á mobilidade e contribuir a obxectivos de sustentabilidade, sempre que a súa regulación se realice coas debidas garantías.

O teletraballo non pode supoñer a asunción de gastos por parte da persoa traballadora

UGT lembra que a normativa vixente en España, en particular a Lei 10/2021 de traballo a distancia, establece de forma clara que o desenvolvemento do teletraballo non pode supoñer a asunción de gastos por parte da persoa traballadora. Así mesmo, re-



coñece o dereito á compensación dos gastos derivados do traballo a distancia, así como a obriga de dotar e manter os medios, equipos e ferramentas necesarias para o desenvolvemento da actividade.

Por iso, o sindicato subliña que calquera avance nesta materia deberá respectar plenamente este marco normativo, garantindo que as empresas compensen os custos asumidos polas persoas traballadoras e evitando que o teletraballo se converta nun mecanismo de traslado de gastos ou de precarización das condicións laborais.

Finalmente, UGT reitera que abordará esta cuestión desde unha perspectiva construtiva no marco do diálogo social, defendendo que calquera medida adoptada combine eficacia económica, sustentabilidade e, sobre todo, unha mellora real das condicións de traballo.